


RECURSOS

Ramsés Pérez

LIBROS



A XACIA LUVIÑAS

Anxo Moure (autor);
Cristina Ouro (ilustracións);
Sotelo Blanco Edicións
Galego (25 páxinas), 2013
D.L.: C 1698-2013
ISBN: 978-84-7824-631-1

A editorial Sotelo Blanco acaba de editar un libro infantil "A Xacia Luvíñas", unha fermosa historia dun barqueiro máis unha xacia "que a natureza sempre quixeron respectar e a paz conseguiron atopar". O texto atende continuamente ao coñecido dos ríos e da súa contorna. O seu autor, Anxo Moure, é socio de ADEGA e quere contribuir ao desenvolvemento do Proxecto Ríos desta asociación ecoloxista, coa doazón do 1% das vendas deste libriño. O libro pódese mercar en librarías ou a través do Consorcio Editorial Galego. Se queredes investir na defensa dos ríos e gozar dunha magnifica obra, esta é unha boa ocasión.

LIGAZÓN

WWW.BIODIVERSIDADE.EU

"Biodiversidade Ameazada" é unha plataforma de traballo contra a degradación dos hábitats naturais de Galiza e o Norte de Portugal. Esta ferramenta servirá para estudar os desafíos que presenta este territorio e favorecer a creación de novas estratexias conxuntas de conservación, xestionadas desde ambos lados da fronteira.

Os obxectivos son dar conta desta situación de perigo, ter un rexistro de todas as especies en

The image shows the front cover of a book titled "El mosquitero ibérico". The title is at the top in a serif font. Below it is a detailed illustration of a green warbler bird, shown from the side and slightly from behind, facing right. The bird has a bright green back and wings, a white belly, and a yellow patch on its wing. The background of the cover is light blue.

EL MOSQUITERO
IBÉRICO

Rodríguez Martínez N.,
García Fernández Nacho
e Copete J. L.
(Coordinadores)
Editorial Grupo Ibérico de
Anillamiento
Castelán (150 páx.), 2013
D.I.: LF-421-2013




FRAGMENTACIÓN DEL
PAISAJE EN EUROPA

Axencia Europea de Medio Ambiente
Editorial Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente
Castelán (87 páx.). 2013
Prezo: 15 €
ISBN: 9788449112645

Monografía que recolle as contribucións de distintos ornitólogos que estudaron o mosquitoíto ibérico. Desfilan así por estas páxinas os resultados de estudos de campo, especialmente os baseados en anelamento, a fenoxia da especie, a súa biometría, o seu datado e distribución na Península ibérica, información sobre reproducción e muda en diferentes localidades ou como separalo do mosquitoíto común. Ademais inclúe unha tradución ao español do artigo orixinal de Lars Svensson publicado en *Bull BOC* onde propuxo un método para separar o ibérico do común mediante a combinación dunhas poucas medidas. A obra está ilustrada con moitas fotografías de Carlos González Bocos, tanto dos paxaros no campo como dos mosquitoítos en man. Tamén mostra paisaxes e hábitats ocupados pola especie ou algúns momentos da reunión que se celebrou en Riello, León, organizada polo GIA-León, xerme da obra publicada agora.

Este informe investiga en termos numéricos o grao de fragmentación da paisaxe de 28 países de Europa. Para iso, por primeira vez, utilízanse tres xeometrías de fragmentación distintas a tres niveis, nos que se inclúen países, rexións e unha rede de cuadriculas de 1 km² (a rede LEAC, destinada para actividades de contabilidade do solo e dos ecosistemas). O informe aplica o método da "densidade efectiva de malla", que cuantifica o grao no que as barreiras interrompen as posibilidades de desprazamento da fauna silvestre na paisaxe. A segunda parte do estudo investiga as posibles causas que contribúen ao aumento ou ao descenso do grao de fragmentación, determinando a súa importancia relativa.

GUÍA



Esta Guía, promovida pola Asociación Véspera de Nada e financiada a través de "crowdfunding", presenta unha explicación das transformacións sociais que xa están en marcha e que van supoñer a fin da "Era da Abundancia e do freece un amplio condedor do que podemos e nós nos terreos da enerxético, do transídute, da vivenda e da enerxética só sobrevivirmos a iso, senón construirnos un futuro mellor des-

Crescemento', ao tempo que ofrece un amplo conxunto de recomendacións arredor do que podemos ir mudando cada unha de nós nos terreos da nosa economía, do consumo enerxético, do transporte, da alimentación, da saúde, da vivenda e da educación. O obxectivo non será só sobrevivirmos ao *Peak oil* ou teito do petróleo, senón construirmos unha Galiza que teña un futuro mellor despois do petróleo.

Más info: <http://galiza.pospetroleo.com>

Vídeo: <http://is.gd/videoGZposPetroleo>

Fórmulas Observación Conservación Recetas e espertos Novas e novidades Dúvidas O proxecto

EN PORTUGAL

Biodiversidade ameaçada Galiza-Norte de Portugal

Entrar ou registarse Faí interrogações, sube temos, comenta, comparte...

O proxecto

- O proxecto
- Objectivos
- Motivación
- Participantes
- Editoras

A close-up photograph of several yellow, spherical flower clusters, likely from a flowering plant, possibly a Galician or Portuguese endemic species.

'RECURSOS' CERNA
PIDEA TÚA COLABORACIÓN

ESTÁS INTERESAD@ EN DIVULGAR NUESTRA REVISTA?

Se estás interesad@ en que divulguemos na revista galega de ecoloxía e medio ambiente Cerna algún libro, CD, revista, película, documental, etc, ponte en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico; ramses@adeaga.info, indicando 'Recursos' Cerna.